

1. O MARCO: PLAN DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

A Consellería do Medio Rural elaborou o “Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2007 - 2013”. O PDR inclúe as actuacións en materia de desenvolvemento rural, cofinanciadas con fondos europeos, distribuídas en catro eixes: aumento da competitividade agroforestal, mellora do medio ambiente, diversificación económica e o eixe LEADER. A este último se destina un total de 142,8 millóns de euros a repartir entre os 31 grupos de desenvolvemento rural previstos en Galicia.

En desenvolvemento do PDR o pasado 16 de xuño a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural - AGADER, - ente público xestor do programa LEADER en Galicia, publicou no DOG as *bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa LEADER GALICIA 2007 -2013*.

2. O PROGRAMA LEADER 2007-2013

O eixe LEADER distínguese do anterior pola súa metodoloxía xa que se trata de fomentar no territorio a creación dun Grupo formado por axentes locais que debe definir a priorización das actuacións a realizar no territorio para acadar un desenvolvemento rural sustentabel.

O LEADER parte do enfoque “*abaixo cara arriba*”, onde a estratexia de desenvolvemento realizase dende o ámbito local e a capacidade de decisión reside na unión de axentes públicos e privados que desenvolven proxectos tratando de implicar aos diferentes sectores do territorio, fomentando a cooperación e o traballo en rede e incorporando a innovación a todos os ámbitos do medio rural.

O novo programa LEADER 2007 - 2013 introduce cambios significativos: unha nova distribución territorial, a posibilidade de subvencionar proxectos agrogandeiros e de transformación agroalimentaria e a prioridade cara proxectos produtivos xeradores de emprego e rendas que contribúan a fixación da poboación no medio rural.

3. OS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL (GDR)

O programa LEADER deseñarase e executarase polos **Grupos de Desenvolvemento Rural**, chamados no período anterior Grupos de Acción Local.

No programa LEADER 2007-2013 a Consellería do Medio Rural elaborou un novo mapa territorial para os Grupos de Desenvolvemento Rural, e o noso territorio encádrase no Grupo Desenvolvemento Rural 19, que abarca os municipios de **Barro, Bueu, Campo Lameiro, Cangas, Cotobade, A Lama, Marín, Moaña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa**.

O GDR constituirase como asociación sen ánimo de lucro e nela formarán parte todas as entidades públicas e privadas do ámbito económico, social, cultural, veciñal, medio ambiental ou profesional que desexen implicarse no desenvolvemento integral do seu territorio.

O GDR deberá admitir a toda aquela entidade que o demande en aplicación do principio de “portas abertas”, agás as persoas físicas e empresas que terán representación a través de asociacións. Nos órganos de decisión do GDR, os representantes do sector privado terán que ser maioría sempre.

4. FUNCIONAMENTO DOS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

A actividade do GDR estará enfocada á dinamización, promoción, selección e seguimento de proxectos que contribúan ao desenvolvemento sostible do territorio.

Unha vez de comezo o proceso constituínte do GDR, este elaborará a estratexia de desenvolvemento para o seu territorio, a partir dunha diagnose onde se incluírán as principais posibilidades, oportunidades e necesidades do territorio dende o punto de vista produtivo, económico e de servizos á poboación. Esta estratexia será a base da candidatura á convocatoria do programa LEADER 2007- 2013.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizou unha guía práctica para a elaboración da candidatura que se pode ler na súa páxina Web: (<http://agader.xunta.es/Inicio.do>).

5. PROCESO DE ELABORACIÓN DA EXTRATEXIA DO GDR

Logo da Asemblea Constituínte do Grupo de Desenvolvemento Rural, a Xunta Xestora decidirá o procedemento de elaboración da candidatura que deberá contar coa participación das mesas sectoriais do GDR. Estas reuníranse e realizarán unha diagnose do súa temática, sinalando aquelas debilidades, oportunidades, fortalezas e ameazas. Definírase os obxectivos así como as estratexias para acadar os obxectivos definidos. A Xunta Xestora encargárase de coordinar e dar forma final ao traballo das Mesas que contarán con apoio técnico. Finalmente, a Asemblea de socios do GDR deberá dar a súa aprobación ao documento elaborado cas conclusións de todas as mesas sectoriais, e deixarase un período de tempo para emendas e suxestións de cambios.

Unha vez realizados os cambios, aprobarase pola Asemblea ou Xunta Xestora, segundo se decida na Asemblea, o documento definitivo e presentárase a candidatura. Poderá publicarse este documento - Candidatura, para iniciar a difusión do Programa.

6. CRONOGRAMA

	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRE	
					1ª QUINC	2ª QUINCENA	1ª QUINC	2ª QUINC	1ª QUINCENA
INFORMACIÓN	REUNIÓN INFORMATIVAS DE AGADER		REUNIÓN DINAMIZACIÓN ADR EN CANGAS		REUNIÓN DINAMIZACIÓN ADR EN COTONBADE	REUNIÓN DINAMIZACIÓN ADR EN C. LAMEIRO			
PROCESO PREVIO	Xunta Directiva ADR: Decide participar no proceso	Asemblea Xeral ADR: Decide participar no proceso			REUNIÓN SECTORIAIS REUNIÓN CON AXENTES EXTERNOS E INTERNOS DO TERRITORIO		ASEMBLEA CONSTITUENTE GDR		
ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA					DOCUMENTACIÓN E ANÁLISE		DIAGNOSE - MESAS SECTORIAIS	ELABORACIÓN DO DOCUMENTO FINAL	APROBACIÓN EN ASEMBLEA DA ESTRATEXIA E ESTATUTO

7. POSIBLES PROXECTOS SUBVENCIONABEIS

Para o período 2007 - 2013 amplíase o abano de posibles tipoloxías de proxectos a incluír na estratexia. Priorízanse os proxectos produtivos que serán como mínimo do 75% do total, con

atención dentro deles ás actividades agroalimentarias e forestais innovadoras. Establécese unha maior selectividade nos proxectos non - produtivos, centrándose naqueles dirixidos a cubrir as novas necesidades da poboación e que respondan a unha visión comarcal.

- 1 Actuacións de mellora da viabilidade do sector agrario e forestal:
 - 1.1 Modernización de explotacións agrarias: proxectos experimentais, recuperación variedades tradicionais, aplicación de novas tecnoloxías (TIC), novas producións, mellora da eficiencia enerxética da explotación, producións extensivas.
 - 1.2 Aumento do valor económico do bosque en proxectos singulares nos montes veciñais
 - 1.3 Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais.
 - 1.4 Cooperación para desenvolver novos produtos, procesos e tecnoloxías entre os sectores agrario, alimentario e forestal.
- 2 Actuacións que melloren o ambiente e o entorno rural:
 - 2.1 Investimentos non produtivos en explotacións agrarias.
 - 2.2 Investimentos non produtivos en espazos forestais.
- 3 Actuacións de mellora da calidade de vida no rural e diversificación da economía rural:
 - 3.1 Diversificación cara a actividades non agrarias.
 - 3.2 Creación e desenvolvemento de microempresas
 - 3.3 Fomento de actividades turísticas.
 - 3.4 Servizos á economía e á poboación rural.
 - 3.5 Renovación de poboacións rurais.
 - 3.6 Conservación e mellora do patrimonio natural, proxectos silvopastorís en montes veciñais.
 - 3.7 Formación e información.

8. BENEFICIARIOS E CONTÍA DAS SUBVENCÍONS

Cando AGADER resolva a convocatoria asignaralle a cada Grupo Desenvolvemento Rural unha dotación financeira que poderá achegarse ós 4 millóns de euros de fondos públicos para o conxunto dos seis anos. O Grupo de Desenvolvemento Rural encargarse de analizar e valorar os proxectos e conceder incentivo e axuda. A decisión trasladarase a AGADER que, logo de revisar se a asignación feita polo Grupo se axusta á normativa, resolverá a concesión de axuda.

Calquera persoa física ou xurídica que promova un proxecto no ámbito de actuación dun Grupo de Desenvolvemento Rural pode solicitar unha subvención. Os promotores non precisan formar parte do GDR para obter financiamento do programa LEADER. A posibilidade de percibir a subvención tamén dependerá do que estableza a normativa.

A valoración do GDR determinará a porcentaxe de subvención para cada proxecto, en función dun baremo público e obxectivo que ten que decidirse tamén no proceso de elaboración da candidatura. Para os proxectos de natureza produtiva - os que se destinan a producir bens ou prestar servizos orientados ao mercado - non superarán nunca o 50% da axuda pública. Pola contra, os proxectos de natureza non produtiva, os que se destinan á prestación de servizos públicos gratuítos, a dotacións ou a mellorar a calidade de vida no rural- poden chegar a acadar preto do 100% do investimento.

MÓDELO DE VONTADE DE ADHESION COMO SOCIO Ó GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL DAS COMARCAS DE PONTEVEDRA - O MORRAZO - GDR-19

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:

ENTIDADE:		CIF/:	
ENDEREZO:			LOCALIDADE:
PROVINCIA:	CODIGO POSTAL:	TELEFONO/ FAX	CORREO ELECTRONICO:

E na súa representación legal:

NOME:	APELIDOS:	D.N.I.	
ENDEREZO:			LOCALIDADE:
PROVINCIA:	CODIGO POSTAL:	TELEFONO / FAX	CORREO ELECTRONICO:

EXPOSICION DE MOTIVOS:

EXPON:

Que de acordo coa decisión tomada pola Xunta Directiva da entidade, manifesto o noso interese en Asociarnos ó Grupo de Desenvolvemento Rural GDR 19, con forma xurídica de Asociación sen ánimo de lucro, segundo a Lei 1/2002 de Asociacións de Galicia

Que se ten nomeado como representantes da entidade a:

TITULAR:
SUPLENTE:

E comprométome á defensa dos intereses que o novo Grupo de Desenvolvemento Rural representa

Asdo. _____

Presidente
(selo da entidade)
Secretario

DOCUMENTACION IMPRISCINDIBLE PARA CONVERTIRSE EN SOCIO DO GDR

- COPIA COMPULSADA ESTATUTOS E ACTA DE CONSTITUCION,
- COPIA COMPULSADA ACREDITACION DA SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO CORRESPONDENTE
- COPIA COMPULSADA DO C.I.F.
- PODER SUFICIENTE DO/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE E DNI COMPULSADO DO/A REPRESENTANTE
- OUTROS: ACORDO DE XUNTA DIRECTIVA DE ASOCIARSE O GDR-19 E NOMBRAMENTO REPRESENTANTE LEGAL MEMORIA ACT.

MESAS SECTORIAL NAS QUE LLE INTERESARÍA PARTICIPAR (RISQUE POLO MENOS 1)

<input type="checkbox"/> Institucional (Adm. Local)	<input type="checkbox"/> Cooperativas e organizacións agrarias	<input type="checkbox"/> Asociacións e colectivos de mozos/as
<input type="checkbox"/> Comunidades de Montes	<input type="checkbox"/> Igualdade de xénero	
<input type="checkbox"/> Económica e Laboral	<input type="checkbox"/> Colc., discapacidade, de inter. social,	
<input type="checkbox"/> Asociación e entidades Medio ambientais	<input type="checkbox"/> Asociacións culturais, recreativas, ANPAS, deportivas	
<input type="checkbox"/> Turismo e artesanías		

Mais información: ADR PRODER II - COMARCA DE PONTEVEDR: telf.986 108 144/fax. 986 10 80 09/ correo electrónico: adrproderpontevedra@mundo-r.com	RECIBIDO:
---	-----------

Nota: cubrir todos os campos